



# BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 552

VIII legislatura

4 de outubro de 2011

Fascículo 3

---

## SUMARIO

---

(Versión electrónica en [www.parlamentodegalicia.es](http://www.parlamentodegalicia.es))

### 1. Procedementos de natureza normativa

#### 1.2. Proxectos e proposicións de lei

##### 1.2.1. Proxectos de lei

Acordo da Mesa do Parlamento, do 4 de outubro de 2011, pola que se prorroga o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de acción voluntaria [160298](#)

### 3. Procedementos de control e impulso

#### 3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

##### 3.8.1. Memoria anual do Consello de Contas e informe de fiscalización das contas do sector público da Comunidade Autónoma

Informe da Ponencia designada pola Comisión para as relacións co Consello de Contas relativo aos Informes de Fiscalización do sector público de Galicia referidos ao exercicio económico de 2008 [160298](#)

## 1. Procedementos de natureza normativa

### 1.2. Proxectos e proposicións de lei

#### 1.2.1. Proxectos de lei

**Acordo da Mesa do Parlamento, do 4 de outubro de 2011, pola que se prorroga o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de acción voluntaria**

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 71371, o escrito do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, polo que se solicita a prórroga do prazo para a presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de acción voluntaria.

A Mesa do Parlamento acorda:

- 1.º Admitir a trámite o documento número de rexistro de entrada 71371, presentado polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.
- 2.º Prorrogar, oída a Xunta de Portavoces na reunión do 4 de outubro de 2011, o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de acción voluntaria, ata o día 8 de outubro de 2011, ás 13.00 horas.
- 3.º Notificar este acordo aos grupos parlamentarios.
- 4.º Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2011

Pilar Rojo Noguera

Presidenta

## 3. Procedementos de control e impulso

### 3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

#### 3.8.1. Memoria anual do Consello de Contas e informe de fiscalización das contas do sector público da Comunidade Autónoma

**Informe da Ponencia designada pola Comisión para as relacións co Consello de Contas relativo aos Informes de fiscalización do sector público de Galicia referidos ao exercicio económico de 2008**

De conformidade co disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara, ordénase a publicación no

*Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* do Informe da Ponencia designada pola Comisión do Consello de Contas relativo aos Informes de fiscalización do sector público de Galicia referidos ao exercicio económico de 2008.

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2011

Pilar Rojo Noguera

Presidenta

**Informe da Ponencia designada pola Comisión para as relacións co Consello de Contas relativo aos Informes de Fiscalización do sector público de Galicia referidos ao exercicio económico de 2008**

Logo de estudar os Informes de Fiscalización das contas do sector público de Galicia referidos ao exercicio de 2008, así como as 6 propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia (doc. núm. 71069), as 5 formuladas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 71071) e as 5 formuladas polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 71063), a Ponencia designada pola Comisión para as relacións co Consello de Contas, integrada por D. Jesús Goldar Güimil, do G.P. Popular de Galicia; D. José Manuel Lage Tuñas, do G.P. dos Socialistas de Galicia e D. Fernando Xabier Blanco Álvarez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, na reunión que tivo lugar o 3 de outubro de 2011, elévalle ao devandito órgano parlamentario o seguinte

Informe

Recomendación de aprobación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio económico de 2008.

O ponentes dos grupos parlamentarios dos Socialistas e do Bloque Nacionalista Galego, coa abstención do ponente do Grupo Parlamentario Popular, recoméndanlle á Comisión a aceptación da proposta de resolución número 1 do primeiro grupo parlamentario e da proposta de resolución número 1 do segundo grupo parlamentario relativas á aprobación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma correspondente ao exercicio 2008.

Propostas de resolución

1

Propostas de resolución aceptadas

O ponente do Grupo Parlamentario Popular recomenda a aceptación das propostas de resolución números 1, 3, 4, 5 e 6 deste grupo. En relación coa número 3 e mediante unha emenda técnica substitúese a frase "...a través da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas,..." pola seguinte: "...a través da correspondente comisión,..." A razón da modificación está en que a citada comisión carece de competencia para tramitar informes do Goberno sobre as actuacións á que se refire esa proposta.

2

Propostas de resolución transaccionadas

Recoméndase a aprobación dunha proposta de resolución transaccionada elaborada coa proposta de resolución número 2 do Grupo Parlamentario Popular, a número 2 do Grupo Parlamentario dos Socialistas e a número 2 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego co seguinte texto:

*O Parlamento insta a Xunta de Galicia a incrementar o grao de cumprimento das recomendacións realizadas polo Consello de Contas de Galicia nos seus Informes de Fiscalización.*

Recoméndase a aprobación dunha proposta de resolución transaccionada elaborada coa proposta de resolución número 3 do Grupo Parlamentario dos Socialistas e a número 3 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego co seguinte texto:

*O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para que todos os organismos e entidades dela dependentes utilicen o idioma galego na súa relación co Consello de Contas.*

3

Propostas de resolución rexeitadas

O ponente do Grupo Parlamentario Popular recomenda o rexeitamento das propostas de resolución números 4 e 5 do Grupo Parlamentario dos Socialistas e das números 4 e 5 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2011

Jesús Goldar Güimil

José Manuel Lage Tuñas

Fernando Xabier Blanco Álvarez



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727